



RESOLUCION DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN CONDUTOR-OPERARIO NO CONCELLO DE CARIÑO (EXPDTE 2021/E001/000008).

En data 23/12/2021 determinados interesados no proceso selectivo de referencia presentaron alegacións, ante a Presidencia deste Tribunal, ao mesmo, considerando que existen erros e irregularidades no seguinte sentido:

1.- Indican que un dos opositores encargouse de conducir o vehículo ata o lugar do exame, coñecendo de antemán o mesmo, supoñendo una vantaxa fronte aos demais aspirantes:

A base 7ª da convocatoria, referente ao desenvolvemento do proceso selectivo, no seu apartado B) determina que a proba práctica será determinada polo tribunal, e consistirá na demostración da habilidade do aspirante no manexo do vehículo motobomba ou camión do lixo. Efectivamente, un dos opositores, no momento do proceso selectivo, estaba a prestar os seus servizos, como chófer, no Concello de Cariño, a través dun contrato subvencionado do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, na modalidade de obra ou servizo. Este Tribunal solicitou á Concellería-delegada de Obras o uso do camión motobomba e a súa disponibilidad para o día 21/12/2021, descoñecendo a persoa que trasladou dito vehículo.

Independientemente do anterior, o Concello de Cariño é un municipio pequeno, e aos procesos selectivos convocados practicamente se presentan sempre as mesmas persoas, xa que son procesos subvencionados que se repiten periódicamente, e algún dos aspirantes que formaba parte da lista de admitidos xa traballaran con anterioridade no Concello, polo que é probable que moitos dos opositores coñeceran o funcionamento dos vehículos municipais, xa que o Concello realiza as probas prácticas cos medios materiais e persoais dos que dispón.

O artigo 61 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto Básico do Empregado Público determina que os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, velando os órganos de selección polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos. O apartado 2º de dito precepto determina que os procedementos de selección cuidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación ao desempeño das tarefas dos postos de traballo convocados, incluíndo, no seu caso, as probas prácticas que sexan precisas.

Pola súa parte o artigo 60 do TREBEP garantiza a imparcialidade e profesionalidade dos membros dos tribunais dos procesos de selección, non podendo formar parte dos membros o persoal de elección ou designación política, funcionarios interinos e o persoal eventual; premisa que se cumpriu de forma escrupulosa na convocatoria pública, xa que os integrantes do tribunal son todos eles funcionarios públicos, actuando con independencia e imparcialidade en todo momento.

En conclusión, a norma non establece prohibición para participar en exames en procesos selectivos na propia Administración local á que pertence o empregado municipal.

E, polo anterior, polo que se DESESTIMA a alegación transcrita.



2.-. Indican que o Tribunal non publica as características da proba nin os seus criterios de corrección, engadindo que as indicacións verbais aportadas polo mesmo que son insuficientes, non informando do tempo de realización de ditas maniobras, e sendo éste o criterio con maior peso na nota final. Engaden que existe un error de puntuación na parte práctica.

Son múltiples os pronunciamentos xudiciais que veñen a sinalar que as bases de una convocatoria son a “lei do concurso” vinculando a todos os partícipes no proceso selectivo –tanto a Administración convocante como os aspirantes- podendo citar, entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo de 19/05/1989 cando sinala: “y en tal sentido, con carácter general, debe recordarse la doctrina jurisprudencial, consagrada en larga trayectoria y acogida reiteradamente por esta Sala, según la cual las indicadas bases han de regir las pruebas selectivas, constituyendo la llamada “ley del concurso-oposición” que vincula tanto a los que concurren a las pruebas de selección como a la propia Administración”.

As bases a este respecto, establecen na cláusula 7.1 B) que a proba práctica será determinada polo tribunal, e consistirá na determinación da habilidade do aspirante no manexo do vehículo motobomba ou camión do lixo.

Unha vez repasadas as puntuacións da proba práctica, enténdese polo Tribunal que efectivamente existen erros aritméticos na suma das puntuacións obtidas (a puntuación correcta de Ferreiro Novo, Jesús Manuel é de 15,5) e que non se explicou aos opositores que se ía ter en conta o factor tempo á hora de valorar a proba práctica.

O Tribunal Supremo impón que os criterios de valoración ou atribución de puntuación se fixen antes da realización do exercicio e que se informe aos aspirantes, garantizándose de este modo que dispoñan de coñecemento das condicións da proba e poidan axustar o seu esforzo, prioridade ou modo de demostrar os coñecementos ás pautas de valoración.

E, polo anteriormente exposto, polo que se acepta a alegación presentada, acordando o Tribunal a anulación da proba práctica e a repetición da mesma.

Contra o presente acordo ábrese prazo de alegacións de tres (3) días hábiles, dende a publicación do mesmo no taboleiro electrónico municipal.

En Cariño, a 10 de xaneiro de 2022

O Presidente do Tribunal

A Secretaria

Asdo: José Ramón Rodríguez Domínguez

Asdo: Alejandra Pardo Vázquez